



**Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a
Federación Galega de Atletismo para a realización do programa de promoción
e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2021**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O subdirector xeral de Plans e Programas, da Secretaría Xeral para o Deporte,
DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral para o Deporte formalizou coa Federación Galega de Atletismo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 10 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Atletismo, co fin da realización por esta das actuacións, funcións e cometidos que, conforme á *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia*, asume en réxime de exclusividade, segundo se indica no artigo 56 e concordantes da norma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Colaborar cos gastos ocasionados con motivo da realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva para a anualidade 2021, co fin de fomentar o deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

